

Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-15021001
correo@carral.es - www.carral.es - https://sede.carral.es/es

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES DAS ESCOLAS DEPORTIVAS, CULTURAI, EDUCATIVAS E ENVELLECIMENTO ACTIVO DE CARRAL:

OBXECTO:

O Concello de Carral, dentro da súa programación de actividades para a cidadanía, pon en marcha o programa das Escolas Deportivas, Culturais, Educativas e Envellecemento Activo, destinado á poboación maior de 3 anos durante o curso escolar 2024-2025 (dende o 1 de outubro 2024 ata o 20 de xuño de 2025)

Estas bases teñen por obxecto regular a convocatoria pública para a participación neste programa.

INICIO, HORARIO E LUGAR DAS ACTIVIDADES.


- As actividades COMEZARÁN ao longo da 1ª semana de outubro de 2024, nos seus correspondentes horarios. Prolongaranse durante o curso escolar 2024-2025, ata o 20 de xuño do 2025.
- Os días e horas de inicio de cada actividade publicarase na páxina <https://carral.es/escolas-municipais/>, así como nos **taboleiros informativos** da Casa da Cultura e instalacións deportivas municipais. Os interesados deberán informarse por calquera dos xeitos descritos das datas, horas e lugares concretos de inicio das súas respectivas actividades.
- **No folleto informativo**, estableceranse as instalacións e os horarios semanais de cada unha das actividades do programa.
- **Vacacións:** durante o curso existirán diversos períodos non lectivos (normalmente acorde co calendario escolar). Este calendario estará dispoñible na páxina <https://carral.es/escolas-municipais/>, así como nos taboleiros de anuncios da Casa da Cultura e instalacións nas que se desenvolva cada actividade. Ademais este calendario lectivo entregaráselle a todos os alumnos/as o día da presentación da actividade.

DESTINATARIOS: Idades e grupos

- Para alumnos/as dende Educación Infantil (dende 3 anos) en diante.
- Cada actividade establecerá un límite de idade acorde ao nivel didáctico e desenrolo físico e psíquico-afectivo requirido para a súa práctica. No folleto informativo do programa establecerase o marco de idades para cada unha das actividades.
- Organizaranse os grupos por idades. Estes **grupos serán o máis homoxéneos posible**, cumprindo sempre a normativa vixente.

PREZOS: Cotas, descontos e xeito de pagamento.

- Segundo o acordo regulador nº 1 do prezos por actividades deportivas, culturais, xuvenís e socio educativas do Concello de Carral (Epígrafe 1), o prezo das actividades será de 14 €/mes ou 98 € pago único (8, 5 meses) por persoa e actividade de dúas horas/semana, 15 €/mes ou 105 € pago único (8,5 meses) para as actividades de 3 horas/semana e 16 €/mes para as actividades de 4 ou máis horas.
- O custo da Escola Municipal de Música é de 40 €/mes ou 280 € pago único.
- Ademais destas cotas, algunhas actividades carrexan **custos federativos obrigatorios** (licencias, etc.). Este feito deberase consultar no momento da inscrición ou na presentación da actividade.
- O cargo da cota correspondente farase, unha vez comecen as clases, mediante domiciliación bancaria a principios de cada mes. Aquel participante que non abone as súas cotas no mes vencido, daráselle de baixa automaticamente na actividade, non podendo volver a inscribirse ata que abone a súa débeda e pasando ao último posto da listaxe de espera se a houbese.
- Os descontos aplicables a este programa son os seguintes (ademais dos pagos únicos):



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-15021001
correo@carral.es - www.carral.es - https://sede.carral.es/es

- **Familia numerosa** (acreditado): - 3 €/mes por actividade.
- **Terceira idade e persoas con discapacidade** (acreditado): - 3 €/mes por actividade.
- **Voluntarios Protección Civil** (acreditado): - 3 €/mes por actividade.
- Estes descontos non son acumulables entre eles.
- A opción de pago único cargarase á conta bancaria no mes de novembro.
- As **cotas aboadas NON SE DEVOLVERÁN AGÁS CAUSAS DEBIDAMENTE XUSTIFICADAS.**

OFERTA DE ACTIVIDADES.


- O 6 de setembro publicarase o folleto coa información das actividades (idades, horarios, grupos, prazos, prezos e lugar) así como apertura de prazos e condicións do programa, **a lo menos, a través das redes sociais, páxina web municipal, taboleiro de anuncios da sede electrónica e taboleiros informativos dos diferentes edificios municipais.**

INSCRICIÓN: Prazos e procedementos.

- Estableceranse 3 **PAZOS DE INSCRICIÓN** ao longo do curso:
 - O primeiro prazo de inscrición abarcará dende **as 09:00 h do 9 de setembro ata as 14:00 h do 18 de setembro de 2024**, ou o remate das prazas da cada actividade ou grupo.
 - O segundo prazo de inscrición abarcará dende as 9:00 h do 7 de outubro ata ás 14:00 h do 10 de outubro de 2024. Neste ofertaranse unicamente as prazas que quedaron vacantes no prazo de inscrición anterior.
 - O terceiro prazo de inscrición abarcará dende as 9:00 h do 7 de xaneiro ata ás 12:00 h do 10 de xaneiro de 2025. Neste período ofertaranse unicamente as actividades con prazas vacantes.
- As inscricións para todos estes prazos poderanse tramitar dos seguintes xeitos:
 - **Online**, cubrindo o formulario disposto para tal fin que poderán atopar no link: [MSInscpcionWEB \(MS_SERVER\) \(manulseijas.ddns.net\)](https://msinscripcionweb.ms-server.manulseijas.ddns.net), quedando rexistrada a data e hora de presentación da solicitude.
 - **Presencialmente**, nas dependencias municipais da Casa da Cultura (de luns a venres entre ás 9:00 ás 14:00 h). O interesado cubrirá un boletín de inscrición a disposición dos interesados na web <https://carral.es/escolas-municipais/>
 - **A través da sede electrónica no enlace:** [https://sede.carral.es/sxc/gl/procedimientosytramites/index.html#actividades culturales deportivas](https://sede.carral.es/sxc/gl/procedimientosytramites/index.html#actividades_culturales_deportivas)

* **NON SE ADMITIRÁN INSCRICIÓN POR OUTROS MEDIOS QUE OS INDICADOS.**

- A documentación complementaria (para acreditar algún dos descontos ou condicións especiais) entregarase xunto coa solicitude de inscrición por calquera dos medios descritos anteriormente.
- **AS PRAZAS** (de actividades/grupos) **SON LIMITADAS e ASIGNARANSE POR RIGOROSA ORDE DE INSCRICIÓN.** Unha vez cubertas as prazas da actividade ou grupo, crearanse **LISTAXES DE ESPERA.**
* Reservaranse un 10% das prazas para nenos/as con NEAE (necesidades específicas de apoio educativo, como por exemplo TDAH), con NEE con autonomía persoal (HVD: habilidades para a vida diaria), ou en ris- co de exclusión social.
- No caso de existir **coincidencia na data e hora no rexistro da solicitude de inscrición** de dous ou máis interesados para a última praza dunha actividade ou grupo, terán preferencia os empadroados en Carral e de seguir o empate, a praza asignarase mediante **SORTEO PÚBLICO.**
- Non se permite a cesión a terceiras persoas da praza asignada
- Para formalizar a inscrición é preciso que o interesado/a **NON TEÑA DÉBEDAS co Concello de Carral.**



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-15021001
correo@carral.es - www.carral.es - https://sede.carral.es/es

PUBLICACIÓN DE LISTAXES

- O venres 20 de setembro do 2024 faranse públicas as listaxes de admitidos e listaxes de agarda para cada unha das actividades o grupos.

BAIXA DAS ACTIVIDADES: Prazos e procedementos

- Para darse de baixa **voluntariamente** dalgunha actividade será preciso cubrir e asinar o formulario disposto para tal fin na Casa da Cultura ou a través da sede electrónica, polo menos 10 días antes de rematar o mes. Este impreso pódese recoller nas dependencias municipais ou descargar da páxina <https://carral.es/escolas-municipais/>. Unha vez tramitada a baixa nunha actividade, o alumno/a non poderá cursar nova alta nesa ou outra actividade ata o seguinte mes.
- Aquel participante que non abone as súas cotas no mes vencido, daráselle de **baixa automaticamente** na actividade/s, non podendo volver a inscribirse ata que abone a súa débeda e pasando ao último posto da listaxe de espera se a houbese. De igual xeito, a aquel participante que devolva máis de tres mensualidades ao longo do curso, causará baixa automaticamente na actividade.

ACLARACIÓNS IMPORTANTES:

- As **prazas nas actividades/grupos serán limitadas** para garantir a seguridade e a calidade no proceso de ensinanza aprendizaxe. Naquelas actividades nas que se completen as prazas ofertadas, crearanse **listaxes de espera**. Por razóns organizativas, o Concello poderá modificar as idades, lugares e horarios dos grupos/actividades. Así mesmo reservase o dereito de comezar, suspender, ou modificar os lugares e número de alumnos por grupo das actividades. Estes cambios notificaranse sempre aos alumn@ interesados.
- En algunhas actividades como **HÍPICA, É OBRIGATORIA O TRÁMITE DA LICENCIA FEDERATIVA**, a cargo do alumno/a.
- Correrá por conta do alumno/a a adquisición do material non inventariable necesario para o desenrolo da actividade.
- É recomendable que o/a alumno/a se someta a un **RECOÑECIMENTO MÉDICO** que descarte calquera problema ou enfermidade que lle incapacite ou limite para a práctica da mesma. Se padece algunha **LESIÓN, ENFERMIDADE** ou outros datos relevantes que poidan incidir ou limitar a práctica deportiva, deberá indicalo no boletín de inscrición.
- O **CORREO ELECTRÓNICO** usarase como canle de comunicación de incidencias

PARA MÁIS INFORMACIÓN:


Casa da Cultura de Carral (43°13'42.8"N 8°21'39.8"W)

r/Paleo, nº 17 (en fronte ao Centro de Saúde) 981.67.25.80

casadacultura@carral.es

ANEXOS:

- Anexo I: RELACIÓN DE ACTIVIDADES E CARACTERÍSTICAS




Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-15021001
correo@carral.es - www.carral.es - <https://sede.carral.es/es>

ESCOLAS ENVELLECIMIENTO ACTIVO CURSO 2024/2025

ACTIVIDADE	HORARIOS PREVISTOS	LUGAR	HORAS SEMANAIS / GRUPO	PREZO ACTIVIDADE/ CURSO COMPLETO
<i>Actividades Servicios Sociales</i>				
XIMNASIA MANTEMENTO en Carral	<i>Luns e mércores: 9:45 - 10:45 h</i>	Pavillón do Espiño	2	60,00 €
XIMNASIA MANTEMENTO nas parroquias	<i>Taboia: Martes e xoves, 17:30 - 18:30 h</i> <i>Resto parroquias: Pendentes da formación de grupos</i>	Locais sociais das parroquias	2 2	60,00 €




Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-15021001
correo@carral.es - www.carral.es - https://sede.carral.es/es

ESCOLAS EDUCATIVAS MUNICIPAIS CURSO 2024/2025

ACTIVIDADE	HORARIOS PREVISTOS	LUGAR	HORAS SEMANAIS / GRUPO	PREZO *1 ACTIVIDADE/ MES
CONCILIA DÍA A DÍA	De Luns a venres: 15:20-16:20 h	Colexio Vicente Otero	2 h/semana 3 h/semana 4 h ou + /sem.	14,00 € 15,00 € 16,00 €
DEBUXO E PINTURA	Luns e mércores: Gr.1.-(de 3-7 anos): 15:20-16:20 h Gr.2.-(de 8-12 anos): 16:20-17:20 h	Colexio Vicente Otero	2 2	14,00 €
INFORMÁTICA	Martes e xoves: 15:20-16:20 h	Colexio Vicente Otero	2	14,00 €
BAILE MODERNO	Martes e xoves: Gr.1.-(de 3-7 anos): 15:20-16:20 h Gr.2.-(de 8-12 anos): 16:20-17:20 h	Colexio Vicente Otero	2 2	14,00 €
ROBÓTICA	Luns e mércores: 15:20-16:20 h	Colexio Vicente Otero	2	14,00 €
COCIÑA DIVERTIDA	Martes e xoves: 16:20-17:20 h	Colexio Vicente Otero	2	14,00 €
FUN ENGLISH	Luns e mércores: 16:20 - 17:20 h	Colexio Vicente Otero	2	14,00 €
MÚSICA E MOVEMENTO	Luns e mércores: 15:20 - 16:20 h Idade de 4 a 7 anos	Colexio Vicente Otero	2	14,00 €
ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA	Horarios por definir	C. F. Antón Fraguas	Consultar	40 € 280 €

¹ O custo das actividades será de 14 €/mes ou 98 € o pago único por persoa e actividade, ou de 15 €/mes - 105 €/cuso completo nas actividades de 3 h semanas. O custo da Escola de Música é de 40 €/mes ou de 280 € en pago único.



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-15021001
correo@carral.es - www.carral.es - https://sede.carral.es/es

ANEXO II: MODELO DE SOLICITUDE E BAIXA



Data recepción

Hora recepción

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN ESCOLAS MUNICIPAIS

(Cubrir 1 solicitude por alumno/a)

DATOS ALUMNO/A	APELIDOS _____ NOME _____
	DNI/NIE: _____ ENDEREZO _____
	LOCALIDADE _____ C.P. _____ DATA NACEMENTO _____
	TFNO. 1 _____ MÓBIL _____
	SEXO Home <input type="radio"/> Muller <input type="radio"/> CORREO ELECTRÓNICO: _____
	Autoriza a recibir información relativa a estas actividades municipais a través da aplicación WhatsApp? <input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON

ACTIVIDADES NAS QUE SE INSCRIBE	ACTIVIDADES	GRUPO (Segundo idades)
	1.-	
	2.-	
	3.-	
	4.-	
	5.-	
Se padece algunha enfermidade/lesión que limite ou incida nalgunha das actividades citadas, indíqueo: _____		


DATOS BANCARIOS	NOME DO TITULAR: _____ DNI _____
	IBAN _____ Nº CONTA BANCARIA _____

FORMA PAGO	FORMA DE PAGO: Mensualidades <input type="radio"/> Único pago <input type="radio"/>
	DESCONTOS (debidamente acreditados) Familia Numerosa <input type="radio"/> Terceira Idade <input type="radio"/> Voluntario P.C. <input type="radio"/>

POLÍTICA DE PROTECCIÓN DE DATOS	POLÍTICA DE PROTECCIÓN DE DATOS: De acordo co disposto na normativa vixente en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámolo/a de que os datos facilitados serán tratados polo Concello de Carral, para a súa inscrición nas Escolas Municipais. Comunicaselle que pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión (dereito ao esquecemento), portabilidade, oposición, limitación do tratamento, así como no ser obxecto de decisións automatizadas, dirixindo a súa petición acompañada dun documento identificativo válido ao enderezo postal Campo da Feira, 1, 15175 CARRAL (A Coruña) ou ben a través do enderezo electrónico dpo@carral.es.	
	CONSENTIMENTO PUBLICACIÓN DE DATOS: Autorizo ao Concello de Carral a publicar nos taboleiros informativos e web municipal as listaxes de admitidos e reservas co nome e apelidos dos inscritos/as	<input type="radio"/> SI consinto a publicación do nome/apelidos <input type="radio"/> NON consinto a publicación do nome/apelidos
	CONSENTIMENTO DE IMAXE E PARTICIPACIÓN: O Concello de Carral e a empresa prestadora do servizo, tomarán de fotografías e vídeos no desenrolo das actividades, coa finalidade informativa e divulgativa (prensa, folletos, carteis, facebook, web municipal, etc.)	<input type="radio"/> SI consinto a toma de imaxes <input type="radio"/> NON consinto a toma de imaxes

ESCOLAS ENVELLECIMENTO ACTIVO CURSO 2024/2025				
ACTIVIDADE	HORARIOS PREVISTOS	LUGAR	HORAS SEMANAIS / GRUPO	PREZO ACTIVIDADE/ CURSO COMPLETO
Actividades Servizos Sociais				
XIMNASIA MANTEMENTO en Carral	Luns e mércores: 9:45 - 10:45 h	Pavillón do Espiño	rama de 2	60,00 €
XIMNASIA MANTEMENTO nas parroquias	Taboia: Martes e xoves, 17:30 - 18:30 h Resto parroquias: Pendentes da formación de grupos	Locais sociais das parroquias	2 2	60,00 €

** O/a asinante de...
** O/a asinante de...
** O/a asinante de...



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-15021001
correo@carral.es - www.carral.es - <https://sede.carral.es/es>

SOLICITUDE DE BAIXA NAS ESCOLAS DEPORTIVAS, CULTURAIS E EDUCATIVAS

Nome do alumno/a: _____

Nome do pai/nai/titor legal: (no caso de ser o alumno/a menor de idade):

Actividade/s na que causa baixa:

1. _____
2. _____
3. _____
4. _____

Motivo da baixa (opcional): _____

Data dende que se fará efectiva a baixa: _____

Data: ____/____/20____

SINATURA

Política de privacidade.- De acordo co disposto na normativa vixente en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámolo/a de que os datos facilitados neste formulario serán tratados polo Concello de Carral coa finalidade de xestionar a súa solicitude de baixa nas escolas deportivas, culturais e educativas. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos, nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ó tratamento e portabilidade dos seus datos, así como no ser obxecto de decisións automatizadas. Pode dirixir a súa petición ao enderezo postal Praza Campo da Feira, 1, 15175 Carral, ou ben a través do enderezo electrónico dpo@carral.es